



BOLETIN CULTURAL DA ASOCIACIÓN HERMINIO BARREIRO.

Editorial.

Este ano a vendima e o outono veñen retrasados. Pero as uvas xa están facendo viño, e as colleitas fican gardadas nos piornos. Achegase o tempo das castañas, dos magostos, do lume na lareira.

Outubro, tamen chamado Outono, debe o seu nome a que era o octavo mes do calendario Romano, anque logo, coa implantación do calendario gregoriano, pasou a decimo lugar no almanaque.

Nos escollemos para entrar no outono, e dar a benvida as noites de orballo, unha poetisa, viguesa de nacemento. Tamén o noso auditorio volve a ter actuacións, logo do parón de verán. Para rematar, na nosa última paxina, un artigo sobre o Samain, a festa celta de fin de ano que nos coñecemos como "Defuntos", hoxe moi confusa debido a contaminación americana, pero que moitos inda recordamos polos magostos, as visitas os cemiterios (de noite, que curioso... ou quizais non tanto), e polas papas de arroz e a matanza. E claro, polo polvo de San Simon.

Saudos.

Indice:

- Persoeir@ do mes: **MARTA DACOSTA**
- Que vai ocorrer este mes en Ribadumia.
- Última paxina: **O Samain, ou festa de Defuntos.**

Persoeir@ do mes:

MARTA DACOSTA.



Marta Dacosta é unha das nosas poetisas actuais. Cando dende as Cuncas Culturais nos puxemos a buscar información sobre a súa vida e obra topamos esta pequena autobiografía, e o momento estivemos de acordo que a debiamos transcribir tal cual. O final toparedes enlaces a audios con anacos da súa obra, un poema seu e outro enlace a súa propia web.

.Son filla da clase obreira viguesa, un peón de Citroen e unha alestidora de palangres que deixaría o seu traballo para coidar da nena que ía vir. Así nacín eu un San Miguel de 1966 en Vigo.

Meus pais abandonaron o colexio con nove anos e da súa infancia lembran as penurias e a fame do tempo da posguerra. Aínda así transmitíronme o desexo do coñecemento e o amor pola arte. Da miña nai herdei o gusto por cantar e do meu pai os primeiros libros publicados por Galaxia nos anos 50: Castelao, Rosalía ... que eu lía con dez anos, recuperándoos dos ratos e a humidade.

E pouco a pouco me fun facendo consciente de que a miña lingua era outra. Para min é como un misterio. Aprendéronme a falar en castelán, miña nai nunca falou galego, diso encargáronse as mestras formadas na sección feminina, e meu pai fálao dun xeito completamente deturpado, irrecoñecíbel, o castrapo propio dun habitante dos arredores da cidade. Aínda así, non tiña nove anos cando escribín dúas páxinas de teatro en galego. Gárdaas meu pai, como se fose un incunábel.

Como querían o mellor para min leváronme a un colexio de monxas: as Carmelitas, gracias a iso, en parte, cultivei o meu rexeitamento á relixión e á clase eclesiástica. Logo conseguín matricularme nun centro público, no Instituto Santo Tomé de Freixeiro e alí comecei participar en concursos literarios. Por esas datas seica se estaba a producir en Vigo a "Movida Viguesa", pero eu, como a meirande parte das miñas compañeiras e compañeiros era allea a esa movida cultural, pouco galega.

Entrei en contacto con ela catro anos máis tarde, no Colexio Universitario, onde coñecín a algúns debuxantes que se esforzaban en sacar adiante fanzines que morrían por falta de apoios. Pero xa non quedaba nada dela. Contra ela, precisamente, realizaríamos o primeiro recital no ano 1987.

Chegaba abril e un compañeiro que colaboraba con Radio Ecça propúxonos a posibilidade de realizar un recital. Así comezamos a elaborar un manifesto e unha tarde baixo o título de "Na cidade espida" recitamos ante unha sala ategada de compañeiros e compañeiras de facultade e

público diverso. Eramos catro, un deles Fran Alonso, compañeiro de estudos que seguiría adicándose ao oficio de escribir.

En 1989 rematei a licenciatura en Filoloxía, na subsección, daquela, de Galego-Portugués. Deses anos lembro especialmente a miña participación no Grupo de Teatro de Galego, onde fixen amizade con Roberto Salgueiro, Pablo Rodríguez, Artur Trillo ou Isabel Vaquero. Representamos o Don Hamlet de Cunqueiro no Teatro Principal, con ameaza de bomba incluída.

Rematada a carreira comecei traballar como docente de inmediato: Compostela, Sarria, Curtis, Negreira ... Tomiño. Nestes anos entrei na UTEG, chegando ser liberada sindical desta organización, o que me permitiu vivir de preto o proceso de unificación que daría nacemento á CIG, onde sigo traballando activamente.

Son os anos en que comezo facer públicos os meus escritos, primeiro en revistas: Congostra, Olisbos, o xornal A Peneira, onde obtería o meu primeiro premio, Lúa, da Asociación Cultural Rosalía Castro de Cornellá, con ocasión de

ter gañado o 3º premio Rosalía Castro ... En 1994 sae á luz o primeiro libro: Crear o mar en Compostela, premio de poesía O Grelo, a partir de aquí virían outros premios e outros libros: Pel de ameixa, González Garcés 1995, Setembro, Martín Códax 1998, En atalaia alerta, accésit do Esquíu 1999.

Durante eses anos, 1987-1998, vivín en Compostela, onde coñecín a moitos dos poetas da miña promoción: Rafa e Miro Villar, Paco Souto, cos que mantiven relación desde moi cedo e, máis tarde, Eduardo Estévez, Estevo Creus ...Con eles colaborei para levar adiante distintas empresas, a máis ambiciosa e a máis recente Letras de Cal, onde entramos a participar 18 escritores para publicar obra inédita dos máis novos.

Nestes anos composteláns participamos activamente en recitais, quixemos compartir e difundir a poesía, e o primeiro grande froito deste labor foi o contacto entre nós mesmos: Chus Pato, Lupe Gómez, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Verónica Martínez, Igor LUGRÍS, Olga Novo, Celso Fdez. Sanmartín, María Lado, Isolda Santiago, Sechu Sende, Mónica Góñez, Marilar

Aleixandre, a parte de todos os xa citados anteriormente.

Os meus libros individuais son todos resultado dun certame literario. Por que? Porque ao principio era máis doado ampararse no anonimato dun concurso, pero ao pasar dos anos non conseguín publicar nunha editorial, seica porque xa tiñan unha lista de espera moi ampla. Supoño que isto deixará de ser así proximamente. Esta situación, pola que tamén pasaron outros poetas do meu tempo, foi o que nos fixo considerar a necesidade de crear unha colección que atendese aos máis novos, especialmente aos que nunca publicaran, e penso que foi unha moi boa idea, neste momento hai xa varios títulos na rúa e a colección ten unha calidade notábel. Pero que conste, porque el non o dirá, que en parte todo isto, non me refiro soamente a Letras de Cal, débese a Rafa Villar, ao seu empuje e ao seu ánimo, e tamén a Eduardo Estévez, que tomou o relevo do traballo que supón Letras de Cal e todo o que xira ao seu redor.

E máis nada, só que procuro escribir co corazón, co firme propósito de revolverlle o estómago ao que se senta fronte

*aos meus poemas, e que aínda teño
que escribir o poema máis
importante, pero non sei cando
poderei facelo, porque ese, o*

*poema comprometido co tempo en
que estou a vivir e coa miña
condición humana, precisa dunha
voz sólida e un pulso firme.*

Escolma da súa obra.

Pel de ameixa ([preme aquí para acceder a un audio desta obra](#))

setembro ([preme aquí e accede a un audio desta obra](#))

A princesa na torre

Sempre hai unha princesa,
un dragón e unha torre,
e un cabaleiro que a vén rescatar.
Sempre
o conto é o mesmo.
Pero xamais nos explican a que tanta
insistencia,
o nome do dragón, o lugar da torre.
Nunca nos descubren
que o cabaleiro non vén,
que non existe,
que só é unha mentira profiláctica
para que o dragón non nos devore
e a torre non se revele como o camiño
do inferno.

II

A torre é o camiño do inferno,
sen guía,
sen man, nin cabaleiro que acompañe
á mediocre princesa
que arde nas lapas do dragón.
O lume é o destino,
a aniquilación e o silencio da cinza,
meigas ou princesas,
o camiño é o mesmo.

Para saber mais accede o seu blog :

<http://www.blogoteca.com/acuatica07/>

Que vai ocorrer este mes en Ribadumia:

Programación Auditorio:

- Domingo 13, as 20:00, Avelaiño teatro presentanos a obra "Maria Castaña".
- Somingo 20, as 20:00, actuación do gaitero Oscar Ibañez.
- Sabado 26, as 18:00, Monicreques con Babaluba, e a obra "Lume".
- Domingo 27, as 20:00, concerto de "Alexandra Carrera".

Programación Cervexeria Encontro:

- Venres 11, as 00:00, **Agoraphobia**
- Venres 18, as 00:00, *The last dance*
- Venres 25, as 00:00, *Flying Carpet*.



última paxina.

Esta paxina é para vos. Enviádenos aquilo que vos desexedes colgar, ben sexa un poema, un relato(máis ben breve, para cousas mais longas temos un lugar na web), ou un artigo de opinión (por favor, inda que a temática é libre recordade que este boletín non ten paixón nin intención política, nin podemos permitir polo ben da promoción da nosa cultura certos vocabularios ou actitudes) .. ou calquera desvarío que se vos ocorra

Mentres tanto, aquí vos deixamos un artigo sobre a festa dos defuntos, ou Samain.

Da festa de defuntos.

Os días de Defuntos e Tódolos Santos , o día que o irlandeses nos EEUU puxeron de moda coma *Halloween* (contracción da frase inglesa, *Alls Hallows eve* - Véspera de Tódolos Santos-). Na mesma Irlanda chaman *Samaín* á gran festa celta do Aninovo. A noite do 31 de outubro, marcaba a transición do verán ao inverno, era a noite máxica.

A Igrexa nun intento de apagar tódolos ritos pagáns arredor da festa de defuntos, datou o 1 de novembro coma día de Tódolos Santos e o 2 coma día dos Fieis Defuntos (a partir do S. XII), mais, *...ninguén se lembra dos Santos en tal día, pero todo o mundo segue acudindo ao cemiterio, agora o día 1, para lembrar e honrar aos seus finados. Ironicamente , querendo facer desaparecer o día dos Defuntos, non se conseguiu nada diferente que volver as celebracións funerarias ao día de sempre: o 1 de novembro.*

A antiga festividade céltica do Samaín foi habitualmente descrita como unha comunión cos espíritos dos defuntos que, nesta data, terían autorización para camiñar entre os vivos. Abríanse as portas entre este mundo e o máis alá, dándolle á xente a posibilidade de reunirse cos seus antepasados mortos. Durante esas horas, podía tocarse, palpar e ata se podía traspasar ao mundo dos mortos. Por iso en todo o pobo había fogueiras. Acendíanse para guiar aos mortos na escuridade da noite, para que atopase aos seus parentes e fogares, e puidésense quentar coa calor do lume do fogar.

Pouco cambiou en esencia o día de Defuntos para a nosa cultura galega. A cultura

da morte é parte da nosa idiosincracia coma pobo, a antropoloxía cultural e social galega, as lendas e os costumes amósanos unha cultura da morte de orixe pagán, en parte, con claros rasgos célticos.

En certa maneira o galego presupón que os mortos "viven" noutro lugar que non ocupa, topograficamente falando, unha posición nin superior nin inferior á do mundo dos vivos, senón que constitúe, por así dicilo, outra dimensión, na que o tempo non transcorre.

Na noite de defuntos, na nosa terra, aínda se cre na necesidade do lume do fogar para que as ánimas da familia busquen a calor. Por iso déixase esa noite o lume aceso. Polo mesmo motivo, dá mala sorte varrer a cociña esa noite, pódese afastar as ánimas. Esa noite é a noite da Compañía, que non tiña nada de santa.



Cabeza de Armea

Nestes días antes e despois do día de Defuntos, os cativos de moitas aldeas galegas facían as chamadas *caliveras* de Ortegall e Ferrolterra, ou os *calacús* das Rías Baixas, son melóns dos porcos

ou cabazas ás que baleiran por dentro, nalgúns sitios póñenlle paus por dentes, e fanlle esas caras tan terroríficas para logo poñerlle unha vela dentro. Póñense pola noitiña en sitios escuros, nas encrucilladas, ou ao pé do cruceiros, e nalgunhas bisbarras, Boebre, Viveiro, Vimianzo, Negreira...déixanse ou lévanse preto do cemiterios, *en Cedeira, tamén, por suposto.*

En Boiro colócanse nos muros das casas, na Illa (Arousa), dende sempre, no día de Defuntos, os nenos non ían á escola e pedían polas casas pregonando; *Unha limosniña para os defuntiños que van alá*, normalmente dábanlles boliños de pan, pasteliños, unhas moedas...

Aínda hoxe moitos santiagueses recordan as tenebrosas caliveras polos camiños como un xogo da *pillería*, en Aríns, Sar ou en Campo Rapado (Boqueixón) ata ben pouco.

Anne Ross na súa obra *Druídas*, fálanos do significado das cabezas humanas para os pobos celtas; *Para os celtas as cabezas eran algo máis que simples preas, porque crían que a cabeza era a morada do espírito, o verdadeiro centro do ser dunha persoa. Pendurando e venerando as cabezas dos seus inimigos pensaban que gañaban a protección dos poderes máxicos que posuían. Cando se deixaron de usar*

auténticas cabezas humanas nos oficios relixiosos, pasáronse a construír réplicas en pedra, madeira, metal e óso.....Sábese, de certo, que na idade de ferro se poñía unha vela dentro das cabezas, todo ao redor das fortalezas, nesta estación do ano que era a máis sinistra do ano céltico.

Para os pobos celtas a cabeza era sede da alma, o centro do ser...., capaz de vida independente, de fala e de movementos. Tiña grandes poderes apotropaicos e advertía a aqueles cuxos pazos e fogares protexía fronte á ameaza das forzas demoníacas. Os celtas primitivos, do mesmo xeito ca outros contemporáneos europeos, eran cazadores de cabezas.. Cantas máis cabezas conseguía un guerreiro, maior sona como heroe adquiría.

É extraordinaria a similitude das cabezas talladas en pedra das culturas célticas das Illas Británicas (Yorkshire, Anglesey), Irlanda (Condado de Cavan), Francia (Rouches- du- Rhone) e as galaicas de Armea (Museo Ourense), Adrona Verotim (Museo de Ourense), Narla (Friol), Castro de Batán (Museo de Lugo) ou Santa Tegra (A Guarda).

O Samaín é tamén a festa do descanso dos guerreiros celtas; *Samaín festa, militar celebrada o 1 de novembro... está dominada por un gran banquete real e militar e*



borracheiras e querelas constitúen o pano de fondo desta festa. A carne de porco, o viño, a cervexa e o hidromel dan acceso á eternidade e consumilos comporta o risco da frecuentación dos seres e das cousa do outro mundo. (Fernandez-Abalat. 1990. Pax 227)....Consumíase ritualmente a carne dun animal consagrado a Lug, nesta festa onde os guerreiros se reunían para exhibir os seus trofeos,..(Le Roux e Guyonbarch. 2003. Pax.52)(5). Era unha festa dos guerreiros onde o poder máximo dos mortos sería simbolizado polas cabezas iluminadas, recordemos que a lenda máis sonada do deus

Bran relata como este pide que os seus guerreiros lle corten a cabeza e a leven con eles, logo de máis de oitenta anos enterraron a cabeza en Gwynfyn (Monte Branco) en Londres, apartando as pestes e desgrazas de Britania, ata que segundo a lenda o Rei Arturo desenterrouna e comezaron as invasións das illas. A cabeza do deus Bran era, por si soa quen de defender o país, no momento que é aldraxada perde o seu poder máximo. Por iso a calivera ou calacú ten que alumear, ten que conter a ánima do defunto "viva", o seu poder máximo.

A día de hoxe, o costume de colocar a vela acesa na tumba do defunto segue vixente pese a que a Igrexa, xa, no *Concilio de Elvira do ano 300 ou 306, no canón XXXIV, rexéitase directamente por pagán, este costume a prohibir que nos camposantos se acendan cirios*. Ata os anos 70 do século XX, na Galicia, o día de Tódolos Santos era o día de estrear as roupas de inverno, era o gran día de festa de principios do inverno, nos días anteriores as tendas e feiras eran un rebulir de xente. A Feira de Santos de Monterroso, coma hoxe, era das máis concorridas. Tamén as lendas galegas nos falan de caliveras, a Lenda da Calivera Convidada recollidas por Leandro Carré Alvarelllos, ou a Lenda da Calivera da Romaxe a San Andrés de Teixido son unha pequena mostra. Lendas, segundo Rafael López Loureiro; *onde as caliveras collen vida, falan e se laian, convidan ou son convidadas a cear con total naturalidade, o que nos debe facer lembrar o gran mito celta do deus Bran, de quen a cabeza decapitada ... presidía unha festa no transmundo, suministrando comida e bebida e actuando como anfitrión tan eficazmente como o facía en vida* (A. Ross 1987. Pax. 128).

Co tempo o rito da calivera perdurará co seu espírito máis festivo; a carallada. Este carácter festeiro nas celebracións de defuntos ficará na nosa cultura durante séculos. Durante os séculos XIV- finais de XV, son expresivas as condenas contidas nas vellas constitucións do bispado de Ourense contra as *rogas ou comidas de defuntos*,...o peor eran os escándalos e alborotos, *de que así ás persoas*



como ás facendas dos nosos súbditos espiritualmente se seguen.... A Igrexa vai reprimir estes festíns: a excomunión, incluíndose nela...*ás persoas que as rogas demandaren como as que as aceptaren, como as que nelas foran e aínda os cregos que misa dixerén....* As comidas de defuntos ou rogas fanse ata nas igrexas. No bispado de Mondoñedo cara a 1541, e baixo os auspicios de Frei Antonio de Guevara, criticouse e cuestionouse o costume dos mozos da diocese de pedir polas portas ... pan e carne e viño e freixós e pixoles e outras cousas... o día de Tódolos Santos. Neste caso como no das rogas, a solución proposta para reconducir esta tradición

foi que o párroco,...*o primicieiro e outro que nomease a freguesía se encargasen de facelo petitorio.....aplicando despois o recibido polo eterno descanso das ánimas defuntas e distribuíndo o conseguido entre os máis necesitados.*

Aparentemente, acabou-se a festa total e embriagadora dos devanceiros célticos... Os magostos, quizais, son unha subsistencia destas festas.

As misións despregadas pola Orde Franciscana e os Xesuítas a partir dos anos 1660-1670, aplacaron pouco a pouco os ritos pagáns dos defuntos. Pese a todo, na nosa comarca a cousa non ía ben, e en 1735 os cregos do arciprestado de Bama (Touro) piden que sexa norma de obrigado cumprimento que *...quedando algún cadáver que estivese unha noite sen enterrar, despois do anoitecer, das casas e lugares do contorno nin homes nin mulleres vaian á casa do defunto, e só poidan estar de noite nela catro ou seis persoas para vela-lo defunto e acompañar a súa familia, as que teñan que ser nomeadas polo crego dos fregueses...*

A antropoloxía social na nosa terra descúbrenos as crenzas de que as ánimas viven entre nós. *O mal do aire, a sombra, o enganido*, son enfermidades que só as meigas ou sabias poden curar. Tanto a sombra coma o enganido só afecta aos cativos, o mal do aire cólleno nenos e adultos. É o aire do defunto quen provoca a enfermidade, por iso os nenos non poden asistir aos velorios nin aos enterros. Na Illa de Arousa, logo dun enterro, antes de volver a casa hai que facer unha pequena fogueira con follas de loureiro e pasar nove veces por riba dela, o fume purifica e hai que quitar o aire do morto, sobre todo se hai nenos na casa.

Mais o mal do aire, que pode afectar a todos por igual, é o único malo, e pode ser



Pía ritual de tres cabezas con esvástica solar na base.
San Andrés de Teixido (Cedeira).

unha vinganza do morto, ou o medo do morto a enfrontar o camiño do Outro Mundo, para apartar esa ánima do corpo do vivo hai que botar man de alguén que saiba como indicarlle o camiño do Outro Mundo á ánima para iso a meiga ou sabia precisa da axuda da divindade. E eiquí vén o abraiante; os ritos máxicos;

· Ritual da comarca do Xallas. *Pódese realizar nunha encrucillada de camiños, a unha hora que non pase xente, mellor de noite, ou en calquera*

recuncho da eira da casa. Se se elixe este último lugar, faise cun pau unha roda no chan e no medio da roda débúxase unha cruz cós brazos cara ós catro ventos (a Cruz de Bran)

· Ritual de Cee. *Faise un círculo no chan e no medio do círculo unha cruz (de novo a Cruz de Bran). Enriba da cruz unha tella con herbas de San Xoán e do Santísimo (herbas coas que se adorna o camiño que segue a procesión do Corpus), unhas ramiñas de loureiro e unha pingotas de auga bendita, logo de pasar por riba da tella facendo a cruz, parándose e dicindo a oración nos catro puntos, e así ata nove veces. A curandeira di:*

*Defuntiños todos,
de todo este contorno,
do mar e da terra,
sacádelle o aire do morto
a esta criatura
e darllo do vivo,
que o do vivo dá respiro
e o do morto non dá conforto,.....*

Despois de tres Padre Nuestrós bótanse na tella nove bicos de loureiro que foran recollidos en domingo antes de saír o sol. E o doente irá pasando por riba da tella do mesmo xeito nove veces, e mentres a que saca o aire di outra oración:

*Loureiro que non fostes plantado,
quíttalle o aire a este meniño,
de vivos e de mortos e de condenados*

É significativo, no primeiro rito, o lugar escollido para *sintonizar* a comunicación co Máis Alá; a encrucillada, recordemos que as encrucilladas son os lugares onde residen os deuses dos camiños, os menxaseiros do outro mundo, e a divindade Bransegundo o profesor Bermejo agóchase tralas aras adicadas aos *Lares Viales*, os deuses romanos dos camiños. Non obstante se non é nunha encrucillada a sabia ou meiga traza a cruz de Bran para invocar aos *defuntiños todos* (inon hai cousa máis profana!). Mais, todo hai que dicilo, estes ritos están recollidos no antigo territorio do pobo castrexo dos Célticos Supertamarcos, o territorio medieval de Célticos, sen dúbida, a cultura céltica, eiquí, foi moito máis teimuda.



Atrevémonos a pensar que séculos antes da cristianización, a druída ou sacerdotisa(a antiga meiga) invocaríaa deus Bran, (en troques dos modernos defuntiños) o ritual pouco variaría en esencia; o número nove (número con *caste* céltica) que está presente en tódolos ritos contra o mal do aire, as ramas de loureiro, as augas benditas, e

as oración con sabor profano, acércanos a rituais indubidablemente precristiáns.

Para que as ánimas estivesen *felices e contentas* no seu Outro Mundo e non provocaran o mal do aire, a sombra, o enganado, etc..., había que agasallalas coa mellor festa do ano, presidida polos deuses Bran e Lug, as ánimas podían ocupar as caliveras acesas, que poboarían as encrucilladas, camiños e o campo da festa. Se nos baseamos no Libro das Invasións irlandés, vaise a dar o paradoxo (nos non temos dúbidas nisto) que o Samaín é unha festa de orixe galega, e os fillos de Mil levárono a nosa irmá Irlanda en tempos pretéritos. A nós, os romanos primeiro -quizais un pouquiño- e a Igrexa despois, borráronnos o nome da memoria, mais as tradicións, os ritos, e as lendas perduraron. Pois nada, a divertirse coa festa, nosa, vosa e daqueles...

<http://ascuncasculturais.wordpress.com/>

